



VALORACIÓN DA RENDA ANUAL PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

A valoración da renda anual per cápita da unidade familiar realizarase con referencia ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2016 que é de **6.390,13€**.

- a) Se é inferior a 0,5 veces o IPREM, é dicir, inferior a 3.195,07€: 3 puntos
- b) Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM, é dicir, igual ou superior a 3.195,06 e inferior a 4.792,6€: 2 puntos.
- c) Se é igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM, é dicir, igual ou superior a 4.792,59€ e inferior a 6.390,13€: 1 puntos.
- d) Se é igual ou superior ao IPREM, é dicir, igual ou superior a 6.390,13€: 0 puntos.

Para este cálculo terase en conta a base impositiva da Declaración da Renda do ano 2016 (a suma dos recadros 392 e 405) que terá que dividirse polos membros da unidade familiar a data **28 de febreiro de 2018**.

Unidade familiar:

- Conxugues non separados legalmente ou parella de feito debidamente inscritas no Rexistro de Parella de feito de Galicia.
- Fillos/as menores de idade, agás dos que coa autorización dos pais, vivan independentemente.
- Fillos/as maiores de idade incapacitados.

Unidade familiar en casos de nulidade, separación ou divorcio:

- Pai ou nai coa que conviva o alumno/a.
- Fillos/as que residan habitualmente cun ou co outro que, sendo menores de idade, con consentimento dos pais/nais/titores/titoras, vivan independentemente.
- Fillos/as maiores de idade incapacitados.